

O PSdeG de Pobra de Brollón solicita a creación dun Espazo Natural de Interés Local na Cova das Choias

Os socialistas presentaron unha moción ante a “irresponsabilidade” do Concello pola desprotección da cova, xa que neste espazo hai “especies que están na lista vermella de especialmente ameazadas”

O grupo socialista agradeceu a iniciativa da Deputación provincial para asumir o plan de aforro enerxético do municipio, co que Pobra de Brollón “evita a suba de impostos de vehículos e da contribución que pretendía o goberno local”

O grupo Socialista da Pobra do Brollón presentou no último pleno municipal unha moción para crear un ENIL (Espazo Natural de Interés Local) no lugar denominado Cova das Choias, sita na Parroquia de Oútara e preto da aldea de Biduedo. O PSdeG considera que esta cova precisa unha “protección medioambiental especial” por parte do Concello “polas singularidades que nela se dan”. No mesmo pleno, os socialistas agradeceron asimesmo a intervención da Deputación provincial no plan de aforro enerxético do municipio, que permitirá recurtar gastos ante a situación de “escasos recursos económicos” e “evitará a subida de impostos de vehículos e contribución que pretendía levar a cabo o Concello”.

Na moción para o ENIL da Cova das Choias, o grupo socialista destacou as peculiaridades fisiográficas deste lugar, “que o fan tremendamente especial”. Nesta cova habita o musgo *Schistotega pennata*, chamado comunmente *Musgo Luminescente ou Ouro do Encanto*. “Tan só está documentada a súa presenza nunha quincena de lugares en toda a Península Ibérica, e en Galicia é un dos contados santuarios nos que se pode atopar”, apuntan. O máis preocupante, resaltan, é que esta especie “pertence á lista vermella de especies especialmente ameazadas”, polo que “non buscar unha protección axeitada desde este Concello é un ataque directo a unha especie ameazada, e unha irresponsabilidade total por parte da administración local”.

Aforro enerxético que evita a suba de impostos

No mesmo pleno municipal, o grupo socialista, ante a intención do goberno local de subir de novo todos os impostos, ofreceuse a falar coa Presidencia da Deputación para que asuma o plan de aforro enerxético do concello respecto ao alumeado público. “Esta intervención que aceptou a Deputación supón un aforro de gasto en luz importante para o Concello aportando así osíxeno a esta situación de escasos recursos económicos que están a sufrir os concellos coa política de recortes da Xunta”, afirman.

Desde o PSdeG trasladan o seu agradecemento para o presidente da Deputación e “parabéns para estas políticas de apoio aos concellos que supoñen innovación e aforro de gasto e que redundan na calidade de vida dos cidadáns”. Esta iniciativa supón “un aforro moi importante no concello, tanto na inversión económica que supón desenvolver o proxecto como no consumo de enerxía eléctrica do concello”. Con esta medida, o concello de Pobra de Brollón evita “a suba de impostos de vehículos e contribución que pretendía o goberno local”.